

Con este escrito a actual directiva da Asociación Civitas Limicorum quere informar a tódolas socias e socios da Asociación, ó Concello de Xinzo de Limia e as veciñas e veciños do noso pobo da súa dimisión a cargo da Asociación e, por conseguinte, da organización da Festa do Esquecemento de forma inminente, pero non antes sen explicar os motivos que a levaron a tomar esta decisión.

Xa son moitos os anos que algúns de nós estamos a fronte do traballo de organizar a nosa Festa, a de todos, de xestionar os recursos da Asociación para ben de todas as socias e socios que o compoñen, con acertos e erros, e de vernos, a meirande parte das veces, sós en toda esa aventura que moitas veces é conseguir por daccordo a preto de cincocentas persoas. Outros que publicamente non levan tanto, sempre estiveron ahí, no teatro, na decoración ou simplemente tratando de botar unha man cando era necesario, polo único motivo de querer que a Festa fora o mellor posible e de que o noso pobo tivese unha cultura rica, co mesmo esforzo cos que estabamos antes.

Xa son moitos anos, pois, que nos sentimos en certo modo loitadores por varios motivos. O primeiro e máis importante: por loitar pola Festa para que se convertera nalgo, se cabe, máis grande do que é seguindo os pasos de outra moita xente que nos precederon e que, aínda que non sempre estiveron sempre daccordo connosco, traballaron e sufriron para que o Esquecemento situase no mapa a Xinzo e a súa historia. O segundo motivo e máis importante neste momento, aínda que co tempo perderá forza, é por “loitar contra” unha asociación aletargada, “contra” unha asociación sumida na desidia e na desconfianza e que non é capaz de unirse nin tan sequera para celebrar os éxitos, que non son nosos, senón que son de todas e todos, dos que estaban e dos que aínda seguen aquí.

Ese é o motivo desta renuncia. A perda, ano tras ano, desa forza e desas ganas para loitar, neste caso pola Festa do Esquecemento e a Civitas en si mesma. Sabemos que moita xente entenderá esta decisión que tomamos, moi o noso pesar, porque xa se viron noutras parecidas e confesamos que non é unha elección sinxela pero, logo de meditalo, incluso antes da celebración da última edición e vendo que nós xa non somos capaces de seguir loitando, retirámonos cunha felicidade tremenda ó ver que o noso traballo a cargo da dirección da Civitas deu os seus froitos e conseguimos, a cada ano, crecer un pouquiño máis.

Temos que admitir con sinceridade que o último ano celebrado, o ano máis raro das nosas vidas, foi o que ó final nos acabou convencendo de dimitir. Non sería de extrañar que dixéramos que este ano foi durísimo para nós, ó mesmo que para moita xente, pero, no tocante a Festa, todo foi máis duro do normal e, sobre todo, descoñecido. Este ano pesa en nós como todos os anos anteriores xuntos e, lamentablemente, non vimos unha Asociación unida cando máis facía falta e, tamén con sinceridade, démonos de conta que a meirande parte das persoas que participan non ven na Civitas e no Esquecemento a súa verdadeira esencia: uns proxectos que crean cultura a traves da historia e da lenda, da música, do teatro e da unión como pobo, quedando todo nun mero pretexto para facer festa. Iso tamén nos pesa, por moito que nós tamén gocemos como un máis de vós, pois non vemos que exista unha vontade xeral por cambiar isto e polo tanto, o noso papel, dentro desta Asociación chega ó seu fin.

Intentamos, con gran esforzo, purrar por iniciativas que mellorasen a cultura do noso pobo co Esquecemento, e con outras iniciativas que ó final nunca chegaron a ser levadas a cabo simplemente porque non aportaban ese factor festivo que impera como obxectivo da maioría dos nosos socios e socias, e dalgun xeito conseguímolos co apoio e traballo de moita xente que non sempre estaba dacordo connosco pero si viron necesario axudamos para que o fin último, a Festa do Esquecemento, fose recoñecida como unha das mellores festas da nosa comarca e a Civitas Limicorum como un ben cultural para a Limia.

E aínda que marchemos, dende o grupo directivo de agora, seguiremos intentando mellorar a Civitas e o Esquecemento na medida en que poidamos porque ó final tanto a Asociación como a Festa non é duns ou doutros senón que nos pertence a todas e todos por igual e é traballo noso facer que siga crescendo.

Solo esperamos que alguén colla o relevo deste pequeno gran proxecto con paixón e ganas de loitar e consiga facer o que nós, por un motivo ou outro, non logramos facer. Ningunha experiencia é un fracaso pois sempre demostrará algo e, neste caso, demostra que a Civitas e a Festa do Esquecemento aínda lle quedan outros vinte anos máis, polo menos, por vivir en máns de outras persoas con ilusión e forza.

Nunca está demais recordar que isto que acontece non é a primeira vez que sucede e, polo tanto, vémonos na obriga agradecerlle a todas as directivas anteriores a súa labor por termos pasado o testigo desta Festa e inculcado un sentir tan fondo coma o que, hoxe en día, temos nós.

Deste xeito, e rematando con esta carta, a actual directiva, pola presente, queda relegada a directiva en funcións ata que sexan convocadas novas eleccións e se elixa un novo grupo directivo ó que lle desexamos o mellor na súa aventura e o noso apoio, axuda, experiencia e cariño.

Atentamente,

Directiva en funcións
A. C. Civitas Limicorum